



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE MAIO DE 2021**

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 27 de maio de 2021, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o Alcalde, José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)  
Dona Raquel Lema Allo (PP)  
Don Diego Soto Pereiro (PP)  
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)

Dona Bárbara Varela Álvarez (PSdG PSOE)  
Dona Consuelo Lemus Insua (PSdG PSOE)  
Don Fabian José Romar Lema (PSdG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asiste á sesión:

Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Actúa como secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese a análise dos puntos incluídos na orde do día.

#### **A) PARTE RESOLUTIVA**

##### **1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, BORRADORES ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 25/03/2021, E 16/05/2021**

Dase conta das actas das sesións de 25/03/2021, e 16/05/2021 para a súa consideración polo Pleno da Corporación. Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **BORRADOR ACTA 25/03/2021**

**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP ( Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro e Dona Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdG-PSOE ( Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua e Don Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

### **BORRADOR ACTA 16/05/2021**

**VOTOS A FAVOR: 9** [5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro e Dona Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdG-PSOE ( Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua e Don Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

## **2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL - EXPTE. NÚM. 2018/X999/00065**

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

### ***“PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S. UBLE 1 DO PXOM DE LAXE***

***Núm. Exp.: 2018/X999/000065***

### ***PROPOSTA PLENO***

*Visto o estado da tramitación do expediente 2018/X999/000065, plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE 1 do PXOM de laxe, aprobado inicialmente por X.G.L de data 16/09/2019.*

*Considerando os antecedentes obrantes e que a continuación se relacionan:*

*---Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada do plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado nº 1 do PXOM de Laxe de 16 de febreiro de 2018, acompañada do borrador e do documento ambiental estratéxico (DAE).*

*---Informe ambiental estratéxico (IAE) formulado mediante resolución da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 7 de xuño de 2018, no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*consultas da A.A.E., polo Servizo de Urbanismo de A Coruña, DXOTU, Instituto de Estudos do Territorio (IET), Servizo de Montes de A Coruña, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e Subdirección Xeral de Acuicultura.*

*---Publicación do IAE do plan parcial no DOG núm. 128 de 8 de xuño de 2018.*

*---Aprobación inicial do plan parcial mediante acordo da Xunta de Goberno Local o 16/09/2019.*

*---Anuncio no xornal La voz de Galicia de 09/10/2019.*

*--- D.O.G. núm. 207 de 30/10/2019.*

*--- Notificacións individuais a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados que constan no expediente.*

*---Informes sectoriais:*

*Informes sectoriais emitidos pola Administración do Estado:*

*• Subdelegación do Goberno na Coruña - Área de Fomento de 14/01/2020.*

*• Dirección General de Política Energética y Minas - M<sup>o</sup> para la Transición Ecológica de 20/12/2019.*

*• DG. de Telecomunicaciones y Tecnología de la Información-M<sup>o</sup> de Economía y Empresa de 27/11/2019 e de 10/11/2020.*

*• Dirección General de la Costa y el Mar - Subdelegación Gral. de DPMT de 18/11/2020.*

*- Informes sectoriais emitidos pola Comunidade Autónoma:*

*• Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de 13/12/2019 e 18/08/2020.*

*• Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) de 13/01/2020 e 03/08/2020.*

*• Augas de Galicia de 20/01/2020 e 15/09/2020.*

*• Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Sección de Enerxía de 28/02/2020.*

*• Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Sección de Minas de 28/02/2020.*

*• Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) en materia de costas de 27/10/2020.*

*---Alegacións:*

*• Escrito de alegacións presentado pola Asociación Medioambiental Contramínate de Laxe o 17/12/2019 (R.E. 201900000003059).*

*• Escrito de alegacións presentado por D. Abelardo Mato Corral en representación de URBALAXE, S.L. o 23/12/2019 (R.E. 201999900000419).*

*---Certificación de exposición ao público do expediente de data 16/01/2020, co resultado de presentarse os escritos de alegacións indicados no punto precedente.*

*---Presentación da documentación do plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE 1 PXOM DO CONCELLO DE*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

LAXE o 08/02/2021 (R.E. 20219990000074), para sometelo a aprobación definitiva.

---Informe técnico de ATOMO ESTUDIO Técnico, como empresa que realiza a asistencia técnica no Concello de Laxe (segundo resolución de Alcaldía núm. 926/2019 de 11/12/2019), de data 28/04/2021 que conclúe que o plan parcial cumpre coas observacións dos informes sectoriais e que incorpora as determinacións dos informes favorables condicionados.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación definitiva polo Pleno do Concello, de conformidade cos artigos 75.1 f) e 75.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Asumir o apartado XI do informe técnico de data 28/04/2021 en relación á resolución das alegacións presentadas durante o trámite de información pública pola entidade mercantil URBALAXE e pola Asociación Medioambiental Contramínate de Laxe e en consecuencia:

#### **-ALEGACIÓNS DE URBALAXE:**

- Alegación nº 1: Proponse a súa desestimación xa que non é unha alegación contra o plan parcial senón conta a edificabilidade establecida no PXOM para este sector o que resulta improcedente.
- Alegación nº 2: Proponse a súa estimación parcial e considéranse adecuados os novos prazos de execución da actuación introducidos no plan de etapas do plan parcial.
- Alegación nº 3: Proponse a súa desestimación polas razóns expostas no informe do equipo redactor.
- Alegación nº 4: Proponse a súa estimación parcial incorporando nos usos previstos na ordenanza zonal 1 o docente en categoría 2ª en planta baixa e desestimando o resto dos cambios propostos polos alegantes. Proponse a desestimación da parte da alegación referente á posibilidade de permitir o uso de vivenda unifamiliar en parcela independente ou acaroada debido a que suporía un cambio da categoría do uso residencial e a tipoloxía previstos no PXOM para este sector, vulnerando o principio de xerarquía normativa do planeamento.
- Alegación nº 5: Proponse a súa desestimación e infórmase favorablemente o incremento de altura de cornixa de 10,20 metros previsto no documento de aprobación inicial do plan parcial a 11,20 metros que se propón no presente.

#### **- ALEGACIÓNS DA ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL CONTRAMÍNATE DE LAXE:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Proponse a súa desestimación xa que se refire a aspectos que xa están previstos dunha forma suficiente no plan parcial.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE 1 do PXOM do concello de Laxe, co reaxuste da súa delimitación, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (arq. col. 1440 COAG) e Mónica Mesejo Conde (arq. col. 1475 COAG), presentada o 08/02/2021 (R.E. 20219990000074) coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos.

**Terceiro.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, aos efectos do establecido no artigo 82 da lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan que constan no punto 3.2. da parte xustificativa da memoria do plan parcial e a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.

**Cuarto.-** Comunicar este acordo de aprobación definitiva á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e remitirlle un exemplar do plan parcial debidamente dilixenciado, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**Quinto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas reguladoras do plan parcial.

**Sexto.-** Notificar o acordo de aprobación definitiva do plan parcial aos interesados e individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial, aos efectos do previsto no art. 75.1 da LSG e 186.4 do RLSG.

**Sétimo.-** Remitir o documento do plan parcial aprobado definitivamente completo e dilixenciado á Dirección Xeral da Costa e do Mar para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, a través da Demarcación de Costas de Galicia, para a súa comprobación e constancia.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE”**

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema para manifestar que non podo asistir á reunión de onte debido a que foi convocada de xeito precipitado e con pouco marxe de maniobra.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro e Dona Sandra Mouzo Pose)

**VOTOS EN CONTRA:** 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**ABSTENCIÓNS: 4** [3 do PSdG-PSOE ( Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua e Don Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Asumir o apartado XI do informe técnico de data 28/04/2021 en relación á resolución das alegacións presentadas durante o trámite de información pública pola entidade mercantil URBALAXE e pola Asociación Medioambiental Contramínate de Laxe e en consecuencia:

-ALEGACIÓNS DE URBALAXE:

- Alegación nº 1: Proponse a súa desestimación xa que non é unha alegación contra o plan parcial senón conta a edificabilidade establecida no PXOM para este sector o que resulta improcedente.
- Alegación nº 2: Proponse a súa estimación parcial e considéranse adecuados os novos prazos de execución da actuación introducidos no plan de etapas do plan parcial.
- Alegación nº 3: Proponse a súa desestimación polas razóns expostas no informe do equipo redactor.
- Alegación nº 4: Proponse a súa estimación parcial incorporando nos usos previstos na ordenanza zonal 1 o docente en categoría 2ª en planta baixa e desestimando o resto dos cambios propostos polos alegantes. Proponse a desestimación da parte da alegación referente á posibilidade de permitir o uso de vivenda unifamiliar en parcela independente ou acaroada debido a que suporía un cambio da categoría do uso residencial e a tipoloxía previstos no PXOM para este sector, vulnerando o principio de xerarquía normativa do planeamento.
- Alegación nº 5: Proponse a súa desestimación e infórmase favorablemente o incremento de altura de cornixa de 10,20 metros previsto no documento de aprobación inicial do plan parcial a 11,20 metros que se propón no presente.

- ALEGACIÓNS DA ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL CONTRAMÍNATE DE LAXE:

- Proponse a súa desestimación xa que se refire a aspectos que xa están previstos dunha forma suficiente no plan parcial.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE 1 do PXOM do concello de Laxe, co reaxuste da súa delimitación, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (arq. col. 1440 COAG) e Mónica Mesejo Conde (arq. col. 1475 COAG), presentada o 08/02/2021 (R.E. 20219990000074) coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos.

**Terceiro.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, aos efectos do establecido no artigo 82 da lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Xunto coa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan que constan no punto 3.2. da parte xustificativa da memoria do plan parcial e a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.

**Cuarto.-** Comunicar este acordo de aprobación definitiva á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e remitirle un exemplar do plan parcial debidamente dilixenciado, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**Quinto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas reguladoras do plan parcial.

**Sexto.-** Notificar o acordo de aprobación definitiva do plan parcial aos interesados e individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial, aos efectos do previsto no art. 75.1 da LSG e 186.4 do RLSG.

**Sétimo.-** Remitir o documento do plan parcial aprobado definitivamente completo e dilixenciado á Dirección Xeral da Costa e do Mar para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, a través da Demarcación de Costas de Galicia, para a súa comprobación e constancia.

### **3.- APROBACIÓN EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚM. 6/2021 - EXPEDIENTE NÚM. 2021/X998/000273**

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO*

*APROBACIÓN, SI PROCEDE, EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS Nº 6/2021*

*Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 153,05 euros, facturas con rexistro de entrada no exercizo de 2021 correspondentes actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*

*Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adaptación do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** *Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 6 de maio de 2021.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 6/2021 cun importe total de 153,05 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2020 para o 2021, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.*

*Laxe,*

*O Alcalde*

*José Luis Pérez Añón”*

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 9** [5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro e Dona Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdG-PSOE ( Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua e Don Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

*PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 6 de maio de 2021.*

*SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 6/2021 cun importe total de 153,05 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2020 para o 2021, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.*

### **4.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM. 221/2021 DO 29/04/2021 E 191/2021 DO 19/04/2021**

Sométese á consideración do pleno da Corporación a ratificación das seguintes Decretos da Alcaldía:

DECRETO Nº 221/2021 29.04.2021 Adhesión ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e este concello para a concesión das axudas ao sector da hostalería cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da covid-19.





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

*Asunto: Adhesión ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Laxe para a concesión das axudas ao sector da hostalería cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da covid-19.*

*Expte. Admvo. núm.: 2021/A006/000004*

*Expte. Decreto núm.: 2021/G003/000235*

*Visto o convenio tipo de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Laxe para a concesión das axudas ao sector da hostalería cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da covid-19, remitido a este concello.*

*Visto que o obxecto deste convenio é o de instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade e este concello para a concesión das axudas ao sector da hostalería cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.*

*Visto que con data do 20/04/2021, por parte da Dirección Xeral de Administración Local comunicaron a este concello que son 34 os establecementos hostaleiros do concello de Laxe que solicitaron axudas á Xunta de Galicia dentro das liñas de apoio á hostalería que se viu afectada polo peche decretado polas autoridades sanitarias; das que 29 son solicitudes concedidas por parte da Xunta de Galicia, quedando 5 solicitudes pendentes de recibir a axuda.*

*Visto que este concello, por ser a administración máis próxima á cidadanía, está interesado en por en marcha medidas concretas que aborden o impacto que o coronavirus causou no sector da hostalería e dar unha resposta inmediata ás necesidades que precisan os establecementos hostaleiros e de restauración.*

*Coa adhesión a este convenio, este concello comprométese a:*

*[...] a) A achegar a contía total de 5.000,00 € para complementar, mediante xeración, as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

concello.

*Da devandita contía destinaranse 1.000 € para cada un dos establecementos indicados no seguinte apartado ata o esgotamento do crédito total achegado polo concello.*

*b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000 € para cada un dos establecementos, a (marcar cunha X o que proceda):*

*- ( ) as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello.*

*- (X) ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello e que quedasen sen atender por parte da Consellería de Emprego e Igualdade por terse esgotado o crédito asignado ao efecto.*

*c) A achega realizarase, con carácter voluntario, do seguinte xeito (marcar cunha X o que proceda):*

*- (X) mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do Fondo de Cooperación local.*

*- ( ) con cargo ás súas propias partidas orzamentarias. Neste último caso, se o concello non efectuase a súa achega antes do 31 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia aplicará o disposto nos artigos 59 e 60 da Lei de Orzamentos para o 2021 relativos ao procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local. [...]*

*A vontade do Concello de Laxe é a de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.*

*Atendendo a que nas indicacións para a sinatura do dito convenio se establece que os concellos deberán comunicar a súa adhesión antes do 30 de abril de 2021 e que o propósito deste convenio é paliar os efectos económicos negativos provocados pola pandemia da covid-19 no sector da hostalería, cómpre a súa aprobación por Resolución de Alcaldía, ratificándose posteriormente polo Pleno da Corporación.*

*Visto o que antecede, de conformidade coas atribucións conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía*

**RESOLVE:**

**Primeiro.- A adhesión formal e expresa do Concello de Laxe a todas e cada unha das cláusulas do convenio de**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Laxe para a concesión das axudas ao sector da hostalería cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da covid-19.*

*Segundo.- Comunicar a dita adhesión á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade.*

*Terceiro.- Comprometerse este concello a achegar a este convenio a contía de 5.000,00 euros, que se detraerán por parte da Xunta de Galicia das transferencias do Fondo de Cooperación Local.*

*Cuarto.- Ratificar este acordo polo Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.*

*Mándoo e asínoo, en Laxe, na data de sinatura electrónica, o alcalde, D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.*

*O alcalde*

*Asdo. José Luís Pérez Añón*

*A secretaria-interventora*

*Asdo. Begoña Carrasco García”*

DECRETO Nº191/2021 19.04.2021 Aprobación convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Laxe para o arranxo e adecuación das obras da piscina municipal descuberta no Cabo da Area.

### *“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*Procedemento: Convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Laxe para o arranxo e adecuación das obras da piscina municipal descuberta no Cabo de Area.*

*Expediente núm.: 2021/A006/000001*

*Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000201*

*A través do convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Laxe será posible levar a cabo varias reformas na piscina descuberta municipal. Ditas reformas darán servizo aos veciños/as do noso concello e da contorna que fan uso da instalación durante os meses de verán.*

*As instalacións da piscina municipal descuberta do concello de Laxe teñen unha antigüidade superior os 15 anos, debido o uso, as inclemencias do tempo a localización das instalacións (as aforas do núcleo urbano e illada) que propicia actos de vandalismo, a mesma presenta unha serie de danos que mingúan a funcionalidade e impiden o uso seguro das instalacións.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Cabe indicar que debido a localización das instalacións e o terreo sobre o que se executaron estas, unha braña próxima a unha lagoa e varios regos, o movemento e as crecidas das augas subterráneas propiciou que o vaso da piscina se erguese con respecto ó nivel da zona de praia, o que causou danos e a aparición de desniveis no pavimento que conforma a praia lindeira.*

*Os arranxos propostos buscan resolver a problemática xurdida e recuperar así unhas instalacións que dan servizo as actividades realizadas polo concello nos campamentos de verán (festas da auga, clases de natación) así coma o uso libre da instalación nas tardes de 15:00 a 20:00 no período de apertura ó público. (do 1 de xullo ao 31 de agosto).*

*Estímanse en máis de 3000 os beneficiarios da actuación proposta, xa que ditas instalacións dan servizo tamén aos concellos limítrofes coma Cabana, Ponteceso e Zas.*

*Vista a memoria técnica valorada presentada polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Mallo Puga o obxecto do presente convenio consiste no arranxo e adecuación das instalacións da piscina municipal descuberta.*

*As actuacións a executar e reflexadas na presente memoria técnica valorada buscan mellorar a funcionalidade e a seguridade no uso das instalacións, levándose a cabo as seguintes actuacións:*

- Arranxo e adecuación da zona de praia da piscina.*
- Reposición e arranxo da instalación de iluminación exterior ( focos e luces de emerxencia).*
- Reposición da porta da caseta de instalacións.*
- Substitución e reposición dos biombos de vidro que conforman corta ventos na zona norte das instalacións.*
- Reposición da base de ducha exterior.*
- Substitución da reixa do desaugadoiro perimetral da piscina.*

*En base ás diferentes unidades de obra consideradas, o seu volume e máis a unha secuencia que permita a correcta execución das mesmas, o prazo de execución será un mes.*

*A actuación prevista: reforma da piscina municipal descuberta no Cabo de Area terá un coste de 26.929,78€, repartido entre as dúas administracións de:*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- *Achega Da S. Xeral para o Deporte: 20.000,00€*
- *Achega do Concello de Laxe: 6.929,78€*

*Existe consignación presupuestaria para facer fronte a achega municipal na partida presupostaria nº 2021.340.632.00 do orzamento municipal do 2020 prorrogado para o 2021, en virtude das modificacións de crédito nº 03/2021 e 05/2021.*

*Vista a premura da obra, xa que ten que dar ten servizo aos usuarios/as que empregan a piscina no período estival, iniciándose a tempada o 1 de xullo.*

*Vista toda a documentación que obra no Expediente Admvo. núm.: 2021/A006/000001, relativo ó Convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Laxe para o arranxo e adecuación das obras da piscina municipal descuberta no Cabo da Area e visto o convenio remitido pola Secretaría Xeral para o Deporte e xustificada a necesidade da sinatura deste convenio de colaboración, esta alcaldía,*

### **RESOLVE:**

*PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Laxe para o arranxo e adecuación das obras da piscina municipal descuberta no Cabo da Area.*

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo para a súa ratificación ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.*

*Mándao e asínao en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu, como secretaria, dou fé.*

*O alcalde  
José Luis Pérez Añón*

*A secretaria-interventora  
Begoña Carrasco García”*

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema manifestando que non tivo tempo material para ver as resolucións anteriores.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 8 [5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro e Dona Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdG-PSOE ( Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Lemus Insua e Don Fabián José Romar Lema

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 1** (1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (Don Xosé Manuel Pose Lema).

Polo que quedan ratificadas as resolucións mencionadas.

### **5.-MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS**

Non hai

### **B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **6.- DACIÓN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

En Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada ao marxe.

<b>Nº Decreto</b>	<b>Nº de Expediente</b>	<b>Asunto</b>
000133/20 21	2021/ G003/000139	SOLICITUDE DE ALTA TAXA RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO DE JAVIER GONZÁLEZ DE LEMA.
000134/20 21	2021/ G003/000140	TRAMITACIÓN DO CERTIFICADO DE FIRMA DIXITAL DE REPRESENTANTE DE PERSOA XURÍDICA
000135/20 21	2021/ G003/000141	APROBACIÓN DAS TAXAS DE DEMARCACIÓN DE COSTAS . CARTOGRAFIA DA PRAIA DE TRABA .
000136/20 21	2021/ G003/000143	APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUINTES DO ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACION, ACOMETIDA E CONTADORES, CANON DE AUGA E COEFICIENTE DE VERTIDO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021
000137/20	2021/	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 25 DE MARZO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

21	G003/000131	DE 2021
000138/20	2021/	MANUEL PARDIÑO FERNANDEZ, SOLICITUDE ALTA PADRON TAXA LIXO E SUMIDOIROS INMOBLE
21	G003/000144	NA RUA HOSPITAL 5 - LAXE
000139/20	2021/	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25 DE
21	G003/000146	MARZO DE 2021
000140/20	2021/	Desestimación do recurso de reposición interposto pola empresa contratista Groma Obras, S.L.
21	G003/000142	contra a resolución de Alcaldía núm. 715/2020, de 29/12/2020 Obra: Acondicionamento da antiga escola unitaria para creación dun Punto de Atención á Infancia na Vila de Laxe
000141/20	2021/	Desestimación do recurso de reposición interposto pola empresa contratista Groma Obras, S.L.
21	G003/000145	contra a Resolución de Alcaldía núm. 718/2020, de 29/12/2020 Obra: Acondicionamento da antiga escola unitaria para creación dun Punto de Atención á Infancia na Vila de Laxe
000142/20	2021/	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DA ALCALDÍA NO 1º TENENTE DE ALCALDE, FRANCISCO CHARLÍN
21	G003/000147	ORÓNS
000143/20	2021/	Aprobación da lista definitiva de persoas admitidos e excluídos convocatoria selección de
21	G003/000148	persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 5 postos de peóns. Programa de integración laboral da Deputación da Coruña 2021
000144/20	2021/	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.
21	G003/000151	
000145/20	2021/	CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE
21	G003/000152	LAXE. REFORMA PISCINA PRINCIPAL.
000146/20	2021/	CULTURA. RESOLUCIÓN I CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA.
21	G003/000149	
000147/20	2021/	Aprobación do proxecto de "Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas
21	G003/000154	2020-2021"
000148/20	2021/	Designar Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde da obra de "Plan marco de
21	G003/000155	mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021"
000149/20	2021/	Aceptación da cesión da finca 1094-2, do polígono 7 da zona de concentración parcelaria de
21	G003/000114	Santiago de Traba por parte de Agader

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

000150/20 21	2021/ G003/000156	APROBACIÓN DA FACTURA DO CONTRATO MENOR PARA O SUMINISTRO DE SINAIS DE TRÁFICO PARA O CONCELLO DE LAXE
000151/20 21	2021/ G003/000157	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/5
000152/20 21	2021/ G003/000150	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DA PRESTACIÓN DO SAF DE DONA SARA FONDO CUNDINS DO PERIODO DE XUÑO ATA DECEMBRO DE 2020
000153/20 21	2021/ G003/000159	TRAMITACIÓN DO CERTIFICADO DE FIRMA DIXITAL DE REPRESENTANTE DE PERSOA XURÍDICA
000154/20 21	2021/ G003/000158	APROBACION NÓMINAS MES MARZO
000155/20 21	2021/ G003/000160	APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO SABADELL
000156/20 21	2021/ G003/000161	DEVOLUCIÓN DE INGRESO A DON JOSE MANUEL IGLESIAS VILAS, EN REPRESENTACION DE SALVIS INVESTIMENT S.L.
000157/20 21	2021/ G003/000162	DEVOLUCIÓN DE INGRESO A DON JOSE ANTONIO TOJA MARTÍNEZ
000158/20 21	2021/ G003/000166	DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DE DON EVARISTO POSE IGLESIAS, QUEN FOI ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LAXE.
000159/20 21	2021/ G003/000164	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA TAXA RESIDUOS SÓLIDOS E SUMIDOIROS
000160/20 21	2021/ G003/000163	SOLICITUDE CAMBIO DE TITULARIDADE DE TAXA RECOLLIDA LIXO E SUMIDOIROS. JOSE MANUEL VARELA VINSEIRO
000161/20 21	2021/ G003/000165	APROBACIÓN DA FACTURA DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE DOTACIÓN DE DOUS EQUIPOS INFORMÁTICOS E UNHA IMPRESORA MULTIFUNCIÓN PARA A CASA CONSISTORIAL DE LAXE
000162/20 21	2021/ G003/000168	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A MARCIAL ÁLVAREZ POSE PARA DESPRAZARSE A AGASP PARA PRÁCTICAS DE TIRO
000163/20 21	2021/ G003/000167	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de altas, bajas y modificaciones padronales

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

000164/20	2021/	Reanudación servizo SAF Pura Vilariño Sacedón
21	G003/000169	
000165/20	2021/	Axuda Emerxencia Social SIUSS 1157
21	G003/000170	
000166/20	2021/	SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL: MONTSERRAT SEVILLA CABALLERO
21	G003/000171	
000167/20	2021/	Solicitud de axuda de emerxencia social urxente de SALETE NUNES NOGUEIRA
21	G003/000172	
000168/20	2021/	EXPEDIENTE Nº 3/2021 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS AO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2020 PARA 2021
21	G003/000174	
000169/20	2021/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/8
21	G003/000173	
000170/20	2021/	TRAMITACIÓN DO CERTIFICADO DE FIRMA DIXITAL DE REPRESENTANTE DE PERSOA XURÍDICA DE MARÍA DOLORES ANTELO COLLAZO - COMISIÓN DE SERVIZOS E PAGO A XUSTIFICAR
21	G003/000177	
000171/20	2021/	APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO SABADELL
21	G003/000178	
000172/20	2021/	Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos convocatoria selección dunha praza de Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.
21	G003/000179	
000173/20	2021/	DEVOLUCIÓN DE FIANZA METÁLICA POR IMPORTE DE 239,02 EUROS Á EMPRESA SENES CIT S.L.
21	G003/000180	
000174/20	2021/	DEVOLUCIÓN DE FIANZA METÁLICA POR IMPORTE DE 378,54 EUROS Á EMPRESA SENES CIT S.L.
21	G003/000181	
000175/20	2021/	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA AO FOGAR DE EDUARDO CASTIÑEIRA BRENLLA
21	G003/000182	
000176/20	2021/	NOMEAR 5 POSTOS DE PEÓNS PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, 2021
21	G003/000183	
000177/20	2021/	ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESTA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)
21	G003/000185	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

000178/20 21	2021/ G003/000186	ADXUDICACIÓN DA OBRA "2021/C002/000010 "PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021. MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE LAXE, 2020 (Subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)
000179/20 21	2021/ G003/000188	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE MARZO DE 2020
000180/20 21	2021/ G003/000187	APROBACIÓN DAS PÓLIZAS DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS, SEGURO DE ACCIDENTES E VIDA E SEGURO DE PROTECCIÓN CIVIL
000181/20 21	2021/ G003/000189	APROBACIÓN DE TAXAS DEMARCACIÓN DE COSTAS
000182/20 21	2021/ G003/000190	PAGO TASACIÓN DE COSTAS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 0000067/2018 (SONDEOS DEL NORTE S.A.)
000183/20 21	2021/ G003/000192	LIQUIDACIÓN RETENCIÓNS IRPF EXERCIZO 2021
000184/20 21	2021/ G003/000191	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/9. REDE CULTURAL 2020
000185/20 21	2021/ G003/000193	LIQUIDACIÓN IVE EXERCIZO 2021.
000186/20 21	2021/ G003/000196	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MES FEBREIRO . 2021
000187/20 21	2021/ G003/000198	SOLICITUDE DE LICENZA DE EDIFICACIÓN DE MARÍA DOLORES VARELA BARIZO EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PLAYA DE LAXE PORTAL 3, PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA RÚA JOSÉ VIDAL GARCÍA, NÚM. 1
000188/20 21	2021/ G003/000197	Aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra de "Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas. Mellora de camiños no Concello de Laxe, 2020 (Subvencionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)"
000189/20 21	2021/ G003/000199	APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA
000190/20 21	2021/ G003/000200	Admisión do recurso de reposición interposto por Claudia Alonso Blanco. Proceso selectivo praza técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, grupo A, subgrupo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

		A2 da Administración xeral, subescala de xestión do Concello de Laxe.
000191/20 21	2021/ G003/000201	CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE LAXE. REFORMA PISCINA PRINCIPAL.
000192/20 21	2021/ G003/000203	Aprobación da nova lista definitiva de admitidos e excluídos convocatoria selección dunha praza de Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.
000193/20 21	2021/ G003/000204	RECHAZAR FACTURAS DE ROBERTO POSE RAMOS
000194/20 21	2021/ G003/000205	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A MARÍA DOLORES ANTELO COLLAZO
000195/20 21	2021/ G003/000206	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Remodelación e pavimentado da Praza da Rúa do Cantón, no Concello de Laxe", incluída no POS+ 2019 da Deputación Provincial da Coruña, e da factura núm. 2021 25 de López y Leis, S.A.
